

APERTURA DO ANO XUBILAR


SANTUARIO DE NOSA SEÑORA DA FRANQUEIRA

8 DE DECEMBRO DE 2012

Na fría, pero soleada tarde, da Solemnidade da Inmaculada Concepción da Virxe María, o adro do Santuario acolleu ós numerosos fieis que se congregaron para unha excepcional celebración. Ás 5,30 saía da capela penitencial a procesión coa que comezaba o cerimonial. A cruz parroquial, peza de orfebrería do antigo mosteiro que cumpriu 500 anos, precedido dos seminaristas, sacerdotes concelebrantes, Srs. Vigairos xeral e de pastoral, diáconos, presidía o Sr. Bispo, D. Luis Quinteiro. Revestidos cun fermoso terno azul do santuario e ós pes do cruceiro, deuse comezo cun saúdo por parte do Reitor do Santuario. Entre os numerosos fieis estaban presentes varios sacerdotes, relixiosos e relixiosas, e leigos de moitas parroquias circundantes e de devotos chegados de lonxe que pasaban dos 500. Tamén estaban o Sr. Alcalde do Concello de A Cañiza e membros da Corporación Municipal e outras autoridades.

Deuse lectura ó decreto da Penitenciaria Apostólica, na que se concede, a Celebración do Ano Xubilar no Santuario da Nosa Señora da Franqueira con motivo do quincuaxésimo aniversario da Coroación Canónica da Imaxe da Nai de Deus, que desde séculos se venera neste lugar.

Invitados polo Sr. Bispo encamiñámonos cara á fachada do templo cantando o Salmo 122. Uníndonos, como pobo santo, imos gozosos á Casa do Señor. As portas do Santuario permanecían pechadas ata que o Sr. Bispo, despois dunha invocación responsorial, abriu as mesmas. Soaron os instrumentos e o Grupo coral "Nosa Señora da Franqueira" cantou as ladaíñas de acción de grazas coas verbas de María "Magnificat, ánima mea Dóminus". A música correu a cargo do organista Ángel Viro, ó violín Raquel Carrera e ó violonchelo Agustín, todos de Ponteareas. Dirixiu a Celebración o mestre de cerimonias da SIC de Tui e Delegado de Pastoral Litúrxica D. José Diéguez Dieppa.



Entrando todos no templo seguiu a celebración co canto do Gloria e a liturxia da Palabra. Na homilía o Sr. Bispo animou a todos a aproveitar a oportunidade que nos da o Xubileo da Franqueira, no ámbito deste Ano da Fe, a renovarnos imitando as virtudes da Virxe María. Convidou a todos a vivir serenamente e desde o silencio esencial das nosas vidas. Destacou a importancia do Santuario como "un corazón da Diócese para vivir a fe e profesar a devoción á Virxe María".

Toda a celebración estivo marcada polo silencio e a devoción coa que participoua asemblea. Á fin da Eucaristía rezouse a oración á Virxe composta polo Sr. Bispo para este Ano e cantouse o Himno “Divina Fuente de Gracias”. A letra deste himno fora composta polo Sr. Jácome e a música polo mestre Groba.

Que a Virxe María venerada nesta secular e singular advocación da Virxe da Fonte da Franqueira protexa a toda a nosa Diocese.

ORACIÓN DO ANO XUBILAR
50 ANIVERSARIO DA COROACIÓN CANÓNICA
DA VIRXE DA FRANQUEIRA

Santa María, Virxe da Franqueira,
Nai de Deus e nai da Igrexa:
neste Ano Xubilar a ti adicado,
Cincuentenario da Coroación canónica da túa venerada imaxe
na entrañable advocación da Virxe da Franqueira,
acudimos a Ti, cheos de gozo, todos os teus fillos
para proclamarte a chea de Gracia,
como o fixeron os nosos maiores
ó levantar este Santuario
e ensinarnos a chamarche Raíña e Nai.
A Ti, que nos precedeches no camiño da fe
e que agora estás en corpo e alma no ceo,
tan preto de Deus e tan preto de nós,
pedímosche que nos leves a Cristo,
o Camiño, a Verdade e a Vida.
Axúdanos a espertar, fortalecer e transmitir a fe
en familias cristiás unidas polo amor.
Suscita vocacións sacerdotais e consagradas.
Amosa que eres nosa Nai,
estrela da esperanza e causa da nosa ledicia.

Amén.

+ D. Luis Quinteiro Fuiza. Bispo de Tui-Vigo

